

**Estudos  
Papers**



## ***Carapucho no Farelo, auga no pelo: a xeografía dos refráns meteorolóxicos romances***

**'Carapucho no Farelo, auga no pelo': Geography of Romance weather proverbs.**

Xosé Afonso Álvarez Pérez <sup>1</sup>

Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa

xoseafonso.alvarez@gmail.com<sup>2</sup>

Resumo: Este artigo quere pór de manifesto a importancia da compoñente xeográfica nos proverbios meteorolóxicos e do calendario. Exponse que moitos refráns están estreitamente vinculados a un territorio concreto, de modo que resulta difícil comprender o seu significado sen ter en conta o espazo xeográfico no que se insiren (por exemplo, a localidade de recollida do refrán ou os topónimos incluídos no seu enunciado) e as características climáticas da zona. A incorporación da perspectiva xeográfica tamén permite acometer estudos de xeoparemioloxía (isto é, de análise da distribución espacial dos refráns), que permiten constatar a existencia de áreas paremiolóxicas, lugares onde se concentran determinados refráns; este enfoque tamén dá pé a realizar actividades en colaboración coas comunidades onde se recolleron os proverbios. Unha vez constatada a relevancia de tomar en consideración a xeografía dos refráns, o artigo presenta o proxecto *Paremioloxía romance: refranes meteorolóxicos y territorio*, desenvolvido na Universidade de Barcelona baixo a dirección de José Enrique Gargallo; descríbese brevemente a súa aposta por ofrecer a información xeográfica dun modo accesible para o usuario e o potencial de explotación destes datos na investigación científica.

Palabras clave: Paremioloxía, territorio, xeolingüística, xeoparemioloxía, análise espacial, linguas románicas, ParemioRom.

*Abstract: This paper aims to highlight the importance of the geographic component in weather and calendar proverbs. Many sayings are closely tied to a specific territory, so it is difficult to understand their meaning without taking into account the physical space they are inserted in (e.g., the locality where the proverb was collected or the toponyms mentioned in the saying) and its*

---

Data de recepción: 29.4.2014. Data de aceptación 2.6.2014.

<sup>1</sup> Quero deixar constancia do meu agradecemento a José Enrique Gargallo Gil, *bo e xeneroso*, polo seu apoio e pola amabilidade de revisar unha versión previa deste artigo.

<sup>2</sup> Este artigo fai parte dos traballos do proxecto de investigación *Paremioloxía romance: refranes meteorolóxicos y territorio* (FFI2011-24032, Ministerio de Economía y Competitividad. O autor recibiu financiamento do programa de recursos humanos da *Fundação para a Ciência e a Tecnologia* do goberno portugués, coa referencia SFRH/BPD/72238/2010.

*climatic characteristics. The incorporation of the geographic perspective also enables undertaking geoparemiologic studies (that is, the analysis of the spatial distribution of proverbs), that verifies the existence of paremiologic areas, zones with significant concentration of certain types of proverbs; this approach also gives rise to the development of activities in collaboration with the communities where the sayings were collected. Having established the importance of the geographic perspective, the paper presents the project Paremiología romance: refranes meteorológicos y territorio, developed at the University of Barcelona under the direction of José Enrique Gargallo; the paper briefly describes its commitment to provide geographic information in an accessible manner and the potential exploitation of this kind of data in scientific research.*

*Keywords: Paremiology, territory, Geolinguistics, Geoparemiology, spatial analysis, Romance languages, ParemioRom.*

## 1. Introducción

Os grandes refraneiros adoitan atender pouco a compoñente xeográfica dos refráns que escolman. En particular, as antoloxías de refráns por dominios lingüísticos, estados ou rexións non acostuman indicar de modo sistemático o lugar de procedencia do refrán nin dar moitos detalles sobre o espazo territorial ao que se refiren esas paremias, a non ser en glosas esporádicas ou en obras especializadas, como os refraneiros xeográficos, onde si é normal que haxa algunha explicación deste tipo.

A investigación paremiolóxica tampouco concede unha atención preferente á procedencia territorial dos refráns, senón que o elemento tomado en consideración adoita ser a lingua na que están codificados os proverbios, e cómpre termos presente que a correspondencia entre lingua e territorio non é tan clara como podería parecer intuitivamente, xa que son poucos os países e rexións monolingües e hai un intenso proceso de tradución dos refráns cara ás grandes linguas estatais e de limpeza de calquera trazo dialectal que puidese ter a formulación orixinal, o que esvaece, aínda máis, a súa procedencia xeográfica. En particular, cómpre mencionar os traballos que analizan a presenza dun determinado motivo paremiolóxico no interior dunha mesma familia lingüística e incluso entre linguas moi afastadas, como a contribución de Ferro Ruibal (2007), publicada nesta mesma revista, que estuda o fraseoloxismo da chuvia con sol en numerosas linguas de todo o mundo. Estes traballos opoñen grandes áreas lingüísticas, mais o seu aproveitamento xeográfico é pequeno, porque, para alén dos problemas xa mencionados, non poden indicar se un refrán determinado existe en todo o espazo lingüístico ou só nunha parte, nin tampouco examinar a variación intralingüística, pois un proverbio italiano que apareza citado nun refraneiro de Italia tanto pode ser de Padua como de Lecce, nos dous extremos da tan socorrida bota.

O obxectivo deste artigo é pór de manifesto o interese de contemplar a perspectiva xeográfica na investigación paremiolóxica. Na primeira parte (§2) achegarei mostras da utilidade deste enfoque integrado para acometer catro tipos de traballo: a) explicar un importante número de refráns estreitamente vinculados ao territorio, ata tal punto que resultan opacos para o lector que descoñece a realidade xeográfica na que se insiren (§2.1); b) constatar a existencia de refráns que se concentran en determinados territorios, polas necesidades específicas que teñen, ou tiveron, os seus habitantes de transmitir

unhas determinadas informacións sobre a súa configuración climática (§2.2); c) analizar a variación diatópica nos proverbios e determinar a existencia de áreas parémicas, tal e como existen áreas lexicais (§2.3); d) emprender actividades en colaboración coas comunidades locais, interesadas en coñecer, conservar e divulgar a súa cultura (§2.4). Na segunda parte do artigo (§3) examinarei as principais posibilidades que achega o proxecto *Paremioloxía romance: refranes meteorolóxicos y territorio* (2011-), dirixido por José Enrique Gargallo na Universidade de Barcelona, ao estudo da compoñente xeográfica dos proverbios.

## 2. A paremioloxía e o territorio

### 2.1. Refráns fortemente ligados ao seu contexto xeográfico: os refráns con topónimo

Un importante número de refráns contén un ou varios topónimos no seu enunciado. Nesta tipoloxía queda claro o estreito vínculo co territorio, xa que a súa área de influencia é moi limitada, xeralmente uns poucos quilómetros ao redor da localidade onde se recolleu o topónimo que mencionan. Os máis destes proverbios poden chegar a ser totalmente opacos para o lector dun refraneiro que descoñeza o espazo no que se insire o refrán e, do mesmo modo, para usalos nas investigacións paremiolóxicas ou poder comparalos e contrastalos con paremias doutras zonas é imprescindible un traballo de descodificación, como se detallará a seguir; en Bastardas (2010) examínanse algúns destes puntos en refráns toponímicos de Asturias.

#### 2.1.1. A identificación dos topónimos

No momento actual, a localización da maioría de topónimos referentes a rexións ou entidades de poboación facilitouse bastante, xa que ferramentas informáticas como *Geonames*, *Google Maps* ou *OpenStreetMaps*, accesibles libremente na internet, liberan da necesidade de consultar unha ampla remesa de atlas e mapas rexionais en formato cartáceo.

Agora ben, non sempre os refráns enuncian o topónimo na súa forma habitual ou na normativa, cando existe. Isto é moi frecuente cando o proverbio procede de recollas orais ou de fontes escritas décadas atrás. Un lector pouco familiarizado co dominio galorrománico tería dificultades en localizar os topónimos mencionados no refrán *En ivèr Lausero dis à l'Augal: Quand tu as frech, iéu n'ai pas cald*<sup>3</sup> (“En inverno o [monte] *Lausero* dille ao [monte] *Augal*: cando ti tes frío, eu non teño calor”) se non ten a precaución de substituír a antiga grafía mistraliana *Lausero* pola forma *Losera* do occitano moderno; e, aínda así, posiblemente varios atlas só reproducirán a forma da lingua-teito, o francés: *Lozère* e *Aigoual*. A situación é habitual nas linguas sen estado ou sen recoñecemento oficial e, por tanto, máis ignoradas en atlas e nomenclátors. O orónimo francoprovenzal *Illeiretta*, citado nun refrán da localidade valdostana de Valgrisenche –*Quan queuche bas de Illeiretta, Queuche inque lo lundeman* (“Cando

<sup>3</sup> Salvo indicación en contrario, todos os refráns citados neste artigo proceden da base de datos do proxecto *Paremioloxía romance: refranes meteorolóxicos y territorio (ParemioRom)*, dispoñible no enderezo <http://stel.uib.edu/paremio-rom> [Data de consulta: 10 de abril de 2014]. Pódese acudir a esa ferramenta para consultar a fonte da que provén o refrán, que non se cita aquí por razóns de espazo.

hai tormenta por baixo de Illeiretta, haberá tormenta aquí no día seguinte”)— é unha forma moi pouco presente nos mapas e obras de referencia; no entanto, a denominación oficial de *Aiguille de la Grande Sassièrre* aparece en calquera mapa ou páxina web. Conseguir localizar o topónimo de referencia non é unha cuestión anecdótica; só cando o lector ou o oínte sitúan a montaña e constatan a súa posición meridional con respecto a Valgrisenche están en condicións de assimilar por completo o contido semántico do proverbio.

Outro problema relevante é a localización de orónimos, hidrónimos ou talasónimos de extensión reducida. Estes topónimos serven como puntos de referencia no lugar onde se recolleu o refrán, pero, polo seu carácter local, son pouco coñecidos fóra dese ámbito e non resultan familiares nin sequera para os habitantes das comarcas veciñas. Ás veces faise necesario consultar publicacións especializadas sobre excursionismo ou mapas topográficos moi detallados, e mesmo así non sempre é posible determinar con total precisión a situación dunha montaña. En ocasións, súmase a variación diacrónica. Os cambios na paisaxe —especialmente nas zonas urbanas e periurbanas— e os novos criterios de delimitación do espazo —por exemplo, a substitución da toponimia tradicional por nomes de rúa e números— fan que as antigas referencias especiais queden obsoletas co sucederse das xeracións. Á hora de editar os refráns da base de datos do ParemioRom, nin sequera a consulta a pescadores xixoneses entrados en anos permitiu confirmar a localización do rochedo citado no refrán *Non vayas de costera, que canta la Cordelera* (“Non vaias pescar, porque canta a Cordelera”), pois afirmaron que nunha oíran tal cousa a pesar de que naceron nesa cidade e viviron sempre alí.

### **2.1.2. Refráns lidos sobre mapas: os topónimos como coordenadas xeográficas**

Resulta común que os falantes non mencionen expresamente un punto cardinal nos refráns, senón que utilicen puntos de referencia máis fáciles de situar por parte da comunidade: un monte, unha aldea veciña, a capital da provincia ou incluso un país, como din no Baix Llobregat catalán: *Vent Francès, o plou molt o no fa res* (“Vento francés, ou chove moito ou non fai nada”). Para o lector ou investigador dun corpus paremiolóxico, iso suscita dúas cuestións estreitamente ligadas.

Como quedou de manifesto na sección anterior, non sempre é fácil localizar xeograficamente pequenos montes e regatos, ou topónimos que se afastan da forma normativa. Moitas veces o problema aparece cando se mencionan localidades pequenas, que pode identificar sen problemas un membro da comunidade onde naceu o refrán, mais que descoñece un lector de fóra que o le nun refraneiro. Sen un traballo de pescuda xeográfica, para a grande maioría dos galegos resultan opacas paremias como *Si corren as nubes pra Montán, colle o mallo e malla o pan e, si corren pra Bustelo, colle a capa i-o capelo*; porén, se saben que Bustelo e Montán son dúas aldeas dos concellos de Láncara e Samos, xa poden ter unha idea do significado que se quere expresar.

A maioría das veces saber a localización do topónimo mencionado na paremia non adianta moito no que respecta á descodificación do refrán, xa que esa entidade xeográfica non ten un significado propio, senón que é un elemento dun eixo de coordenadas que non

pode descifrarse sen coñecer a outra referencia, a localidade onde se recolleu o proverbio. Vexámolo cun exemplo. Quen lea refráns como *Aire de Carnota jode a quen topa*; *Aire de Carnota, nin bo viño nin boa bota* ou *Cando o vento é de Carnota, mete leña e cerra a porta* deducirá, correctamente, que expresan un mesmo significado, o lamento contra os duros efectos do vento que vén dunha determinada dirección. Agora ben, cal é esa? Vento do sur ou do norte? Vento do leste ou do oeste? Só a consulta das fontes, que aclaran que estas paremias proceden, respectivamente, de Dimo (Catoira), Dodro e a Serra de Outes, permite saber o significado deste paremiotipo: 'o vento do Noroeste/Oeste traerá mal tempo'. Unha vez determinada a súa estrutura semántica básica, xa resulta doado comparar o proverbio con outros tipos semellantes no significado, mais diferentes na lingua, na forma ou na estrutura superficial, como o refrán romanche *Cur chi zoffla our da Zuort, piglia svelte teis fain e va cun tuot* ("Cando sopra desde Zuort, colle axiña o teu feo e marcha rápido").

Unha tipoloxía de refráns onde se observa con claridade a existencia dunha forte vinculación ao territorio e a necesidade de coñecer a localidade de procedencia do refrán e de determinar a situación espacial de todos os topónimos mencionados é a das "montañas con capa", do tipo *Cuando el Teide tiene toca, recoge, niña, la ropa* ("Cando o Teide ten touca, recolle, moza, a roupa"), recollido en La Laguna (Tenerife). As nubes que rodean o cumio da montaña compáranse normalmente a unha peza de abrigo (unha capa, unha touca, unha boina, un gorro, etc.). Cando o monte, personalizado, se cobre con ese vestido, prognostícase chuvia nun prazo curto de tempo, polo que, á miúdo, o refrán exhorta a xente dos arredores a facer algunha acción (abrigarse, correr, deixar o traballo, esconderse, non saír da casa, etc.). Os proverbios de "montañas con capa" analizan os ciclos dos ventos, nubes e presións atmosféricas dunha determinada zona, e a súa vixencia está moi limitada a esa área, xa que calquera cambio nas condicións de partida (por exemplo, unha orografía diferente) fará que o microclima sexa outro. Ten bastante relevancia nestes proverbios a circunstancia atmosférica que se denomina *efecto Föhn* (polo nome dun vento das montañas tirolesas). As montañas actúan como unha barreira que detén o avance das nubes; para superalas, o vento ten que elevarse, polo que as nubes perden temperatura e gañan humidade relativa, ata saturarse e descargar a chuvia. Así, as precipitacións caen no lado de barlovento e, do outro lado da montaña, é menos frecuente haber choiva, e si un vento seco e forte. Un caso claro en Galicia son serras como as do Xistral, Meira, Farelo ou Suído, bastante próximas da costa, que fan de freo aos aires húmidos que veñen do mar, polo que as descargas concéntranse na súa vertente occidental. Esa situación ten o seu reflexo paremiolóxico, como no refrán *Carapucho no Farelo, auga no pelo*, recollido en Agolada, ao oeste da montaña.

A lectura dos refraneiros tamén desvela a existencia de contradicións aparentes que só desaparecen cando se analiza o espazo xeográfico no que se insiren os refráns. Así, por exemplo, o corpus do *ParemioRom* contén tres refráns asturianos que prognostican mal tempo se hai nubes ou tormenta no Aramu (cordilleira calcaria do centro de Asturias), mentres que hai un que anuncia que esta mesma circunstancia é augurio de bo tempo:

- (1) *Cuando 'l picu Pelitrón [un dos picos do Aramu] pon capa, non dexes la tuya 'n casa.*
- (2) *Nubes pa Mingoyo, señal de bono; nubes pal Aramo, señal de malo.*
- (3) *Si trona pa Mengoyo, siñal de bono; si trona pal Aramo, siñal de malo.*
- (4) *Cuando trona pel Aramu, xunci los gües y ponlos al carru.*

A contradición explícase pola procedencia dos refráns: (1) e (2) foron recollidos no concello de Quirós e (3) en Santo Adriano, sempre ao oeste ou suroeste do Aramu; por contra, (4), que augura bo tempo, é propio de Morcín, ao nordés da cordilleira. Sendo que os ventos e circunstancias atmosféricas son diferentes, non sorprende que o prognóstico do refrán sexa distinto.

## **2.2. Os refráns meteorolóxicos como memoria histórica do territorio e dos seus poboadores**

Numerosos proverbios do tempo e do calendario forman parte da cultura popular de diversos países e linguas e están presentes no imaxinario da maioría dos falantes, con independencia, claro está, da súa veracidade científica (Martín-Vide 2011). Así, interrogado sobre o tempo que se pode agardar no mes de abril, calquera galego respondería rapidamente –aínda que quizais sen moito fundamento climatolóxico, cf. Conde Tarrío (1998: 65-66)– que *En abril, augas mil*, do mesmo modo que, sen que mude a substancia da mensaxe, un valenciano referiríase ao mes como *Abril, el de les pluges mil*, e un italiano das Marcas ou un sardo sentenciarían, respectivamente, que *Aprì, 'na goccia a lu di* ou *Arbili aqua a bidili*. Do mesmo modo, sería estraño que un falante de linguas románicas ou xermánicas non tivese en mente que o 2 de febreiro, día da Candeloria, será o momento de prever o tempo das semanas vindeiras (Gargallo 2004), aínda que só sexa porque os telexornais abren coa noticia do *día da marmota* nos Estados Unidos.

Do mesmo modo que existen refráns con vocación panrománica ou paneuropea, carentes de calquera tipo de limitación territorial, tamén existen proverbios que restrinxen a súa validez a áreas xeográficas moi reducidas, tal e como se puxo de manifesto cos refráns de “montes con capa”. Un importante número de proverbios meteorolóxicos son pequenos tratados científicos escritos e matizados mediante a observación directa da natureza ao longo de moitas xeracións. Este horizonte cronolóxico alongado permitiu analizar en pormenor os fenómenos meteorolóxicos que se daban na zona e a súa relación coa natureza circundante. Os resultados sintetizáronse nun corpus paremiolóxico que ten que poder transmitirse facilmente e con precisión aos descendentes, de aí a necesidade de crear sentenzas breves, con consellos ben definidos e con claros referentes xeográficos que eliminan a ambigüidade.

Exemplificarei cos proverbios referentes aos ventos mariñeiros do litoral románico este estreito vínculo dos proverbios co territorio e coas necesidades da comunidade de codificar consellos e experiencias da vida diaria; máis detalles sobre este tipo de refráns estarán dispoñibles en Álvarez Pérez (2014).



Nas zonas costeiras teñen unha avultada presenza os refráns que mencionan o vento e que chaman a atención sobre os seus perigos, algo moito menos frecuente nas terras do interior; pódese constatar de modo claro esa circunstancia cos datos expostos na sección 2.3. a propósito dun paremiotipo en particular. A razón deste comportamento diverxente é clara e está intimamente ligada ao territorio. Para os labregos, o vento pode ser unha molestia menor ou maior, máis poucas veces constitúe unha ameaza importante. Por contra, para un mariñeiro, a aparición por sorpresa dun vento que alborote as ondas do mar pode ser a diferenza entre a vida e a morte, como se exemplificará nas liñas vindeiras. Sintetízano maxistralmente dous refráns recollidos entre muiñeiros de Mallorca: *Moliner i mariner; vent els fa mal i vent els fa bé* (“Muiñeiro e mariñeiro, o vento failles mal e o vento failles ben”) e *Déu te guard d'ofici que el vent meni* (“Deus te garde de oficio movido polo vento”).

Por tanto, existe nas costas de toda Europa un rico inventario de refráns, de morfoloxía moi variada e fecundo no que respecta aos paralelos interlingüísticos, que alerta sobre os perigos do vento ensina métodos para previr a súa aparición e formula ordes para que os mariñeiros poidan escapar dos riscos asociados a unha determinada configuración atmosférica. Acontece así, por exemplo, noutro refrán mallorquino, *Vent de fora i sense lluna, fuig de sa costa tot d'una* (“Vento de fóra e sen lúa, fuxe da costa axiña”), porque as comunidades costeiras saben que os ventos que lles chegan dese lado do mar adoitan vir acompañados de néboa e mar grosa. Hai motivos para a alerta en todas as direccións da rosa dos ventos; darei unhas poucas mostras.

O vento garbino ou lebeche, aire seco e cálido de orientación suroeste, ten moita mala fama entre os mariñeiros do Mediterráneo occidental, porque as depresións ás que está asociado poden causar fortes temporais. O medo que inspira chega ata o punto de que nas costas de Cataluña e Valencia aparece moi a miúdo relacionado co propio Inferno –unha comparación favorecida, claro está, pola rima–, por exemplo *El vent a Garbi en l'invern es purna d'infern* (“O vento garbino no inverno é chispa de inferno”, Golfo de Valencia) ou *Llebeig d'hivern, dimonis d'infern* (“Lebeche de inverno, demós do inferno”, Costa de Ponent e Tarragona). Tamén hai frecuentes apelacións directas aos mariñeiros, como *Llebeig? | Mariner, perdut et veig* (“Lebeche? | Mariñeiro, véxote perdido”, Altea), que ás veces poden combinar as referencias a dous ventos: *Libeccio chiaro e tramontana torba, guardati marinar che non ti colga* (“Lebeche claro e tramontana escura, ten coidado, mariñeiro, que non te colla”, Italia) ou, noutra formulación, *Tramontana torba e libeccio chiaro [/] tienti all'erta marinaro* (“Tramontana escura e lebeche claro, está alerta, mariñeiro”, Italia). Máis taxativo é o refrán siciliano *Di Punenti e di Libbici [/] mmalidittu cu' beni nni dici* (“De poñente e de lebeche, maldito o que diga ben deles”). Outros refráns son menos expresivos, aínda que non menos intensos, como esta paremia documentada en Manresa e no Delta do Ebro que lembra os sufrimentos das mulleres dos mariñeiros: *Vent de garbí, marits aquí; vent de levant, marits se'n van* (“Vento garbino, os maridos aquí; vento levante, os maridos marchan”).

Ten unha orientación similar o “vento do mediodía”, tamén coñecido como “austro” ou “africano”, de compoñente sur, cálido e húmido. Non é un vento favorable para a pesca nin para a navegación, e por iso atopamos refráns moi semellantes aos mencionados no

parágrafo anterior, incluídas as referencias infernais: *Migjorn d'hivern, pluja d'infern* (“Mediodía de inverno, chuvia de inferno”) ou tamén *Quan ha passat el migjorn, el dimoni diu: -Déu faci que no torn* (“Cando pasou o mediodía, di o Demo: -Non permita Deus que volva”). Tampouco faltan os apelativos directos ao mariñeiro, como *Migjornell, no et fiis d'ell* (“Mediodiña, non te fies del”, Tarragona) e incluso lamentos atribuídos en primeira persoa ao traballador do mar: *Migjornen arribar a la mar me'n torn* (“Mediodía, en chegando á mar dou volta”, Lluçmajor, Mallorca).

A enumeración podería ser moito máis extensa, pois son moitos os refráns de advertencia, alerta e consello. Sinalarei apenas uns poucos proverbios referentes a outros ventos que repiten estratexias semellantes ás vistas liñas atrás:

- *A mistrau brut e levant cla [/] Noun te fisa* (“De Mistral turbio e levante claro, non te fies”, Provenza).
- *De ponent, ni vent ni gent* (“De poñente, nin vento nin xente”).
- *Déu mos garde de tot mal i de ratxa de maestral* (“Deus nos garde de todo mal e de racha de Mistral”, Altea).
- *Las abrigadas de marzo, las sopla el diablo* (“As avreguías de marzo sópraas o demo”).
- *Mestral i tramuntanaen esser a l'hivern, treuen diables de l'infern* (“Mistral e tramontana, sendo inverno, sacan demos do inferno”, Illas Baleares).
- *No et fiis de tramuntanes clares ni de guergals foscós* (“Non te fies de tramontanas claras nin de gregais escuros”, Baixo Empordá).

Para concluír esta sección, quixera determe nun paremiotipo que pon de manifesto dun modo claro a interrelación entre paremioloxía e espazo xeográfico, así como a función de transmisores de consellos útiles para a supervivencia das novas xeracións. En dous municipios asturianos (Ponga e Cabrales) e mais en Cantabria recóllense, respectivamente, os refráns *Abril buenu era si el gallegu non viniera* e mais *Abril fuera bueno si el gallego no anduviera* (“Abril era/sería bo se o [vento] galego non andara/viñera”). Loxicamente, “vento galego” refírese ó vento do oeste ou noroeste, que, como se viu en liñas anteriores, está asociado ao mal tempo no occidente peninsular. Non resulta evidente por que estes refráns conteñen unha especificación temporal nada corrente noutros refráns semellantes nin por que o proverbio vai ser válido precisamente en abril e non en xaneiro ou agosto.

A resposta vén da man do clima da zona. A costa cantábrica tenen paralelo ao mar, unha cordilleira montañosa de notables dimensións, onde se dá o efecto Föhn referido parágrafos atrás. Cando sopra o vento do sur ou sueste, chove na parte meridional de Asturias, e chega á costa un vento meridional forte, seco e cálido que trae calor e sensación de bochorno. Nesa situación atmosférica –máis común entre abril e xuño e setembro e outubro–, a chegada dunha fronte fría (que entra polo oeste, impulsada polo “vento galego”) causa un cambio radical da situación. A presión atmosférica descende de súpeto, e a temperatura pode baixar ata 15° C en menos de media hora, ao tempo

que a humidade relativa sobe ata rozar o 100%. Este novo cadro causa unha galerna moi intensa, con precipitacións moi fortes e vagallóns, ondas que poden superar os 7 graos na escala de Douglas (6 a 9 metros). O carácter repentino destas galernas apaña desprevidos os mariñeiros e non son poucas as mortes causadas por este fenómeno, ao longo dos anos. Aínda hoxe é recordada a “galerna do Sábado de Gloria” (20 de Abril de 1878), na que perderon a vida máis de 300 pescadores desde Asturias ao País Vasco, un feito que supuxo toda unha conmoción en España e que impulsou numerosos cambios nas regulacións marítimas e nos sistemas de información meteorolóxica (Arteche 2008 e Gozalo 2002). Non sorprende, por tanto, que as comunidades do litoral cantábrico sentisen a necesidade de alertar do perigo dos ventos do oeste, mediante unha concisa mensaxe codificada no refraneiro que se transmite de xeración en xeración.

### 2.3. A distribución xeográfica dos proverbios: áreas parémicas

Nunha recente intervención no *Tercer Seminario Internacional sobre Refranes Meteorolóxicos* celebrado na Universidade de Barcelona, publicada como Iannàccaro e Dell’Aquila (2012), reflexionouse demoradamente sobre a aplicación do método xeolingüístico á paremioloxía, unha cuestión que tamén se analiza en Álvarez Pérez (2013). Trátase dunha cuestión complicada, sobre todo pola extrema diversidade actancial e formal dos proverbios, incluso cando transmiten un significado moi similar, que obriga a un importante traballo de análise formal e de clasificación, para poder agrupar paremiotipos similares. Aínda non está establecida unha metodoloxía de traballo sólida, nin contamos cun corpus suficientemente homoxéneo (volvarei sobre iso na sección 3), mais si que é posible acometer ensaios preparatorios que permitan depurar as técnicas e mostrar a utilidade deste tipo de enfoque.

Por razóns de espazo, presentarei aquí apenas unha mostra da posibilidade de delimitar áreas parémicas. En concreto, compararei a formulación dun coñecido paremiotipo, o do “ceo de la”, no occidente (Galicia e Asturias) e no oriente (Aragón, Cataluña e Valencia) da Península Ibérica; a escolla deses territorios en concreto obedece a que son as áreas peninsulares con máis refráns xeolocalizados (isto é, dos que se coñece a procedencia xeográfica) na base de datos do ParemioRom. A metáfora do ceo de la, que ten infinitas variantes en toda a Romania (‘aos carneiros, empedrado, rizado, etc.’), dá nome a unhas nubes altas, de forma arredondada, que adoitan preceder a entrada dunha fronte, polo que son vistas no imaxinario popular como indicios de precipitacións e de vento, algo que non sempre é verdade desde o punto de vista meteorolóxico (Martín-Vide 2011: 254).

A predición de mal tempo pode concretarse de modos moi diferentes, e precisamente neste comportamento difiren por completo as dúas áreas examinadas, tal e como se constata na figura 1 (no apéndice). No occidente, a maioría dos refráns mencionan explicitamente que caerá chuvia, auga ou neve e, os máis deles engaden ademais un período cronolóxico, normalmente inferior a 24 horas, para que se cumpra a predición; trátase de refráns como *Cando o ceo está color de lan, ou chove hoxe ou mañán* ou *Cielu empedriáu, a los tres días mocháu* (“Ceo empedrado, aos tres días mollado”), que só se documentaron en catro localidades da área oriental da Península. O segundo grupo de paremias que domina en Galicia e Asturias son os refráns que non prognostican a chegada de chuvia, senón de

vento, como en *Ceo escamento, ou chuvia ou vento*; non se documentan proverbios deste tipo no oriente peninsular. O terceiro tipo, no que respecta á vitalidade, está formado polos refráns que mencionan elementos como 'chan' ou 'tellado' no segundo elemento en contraposición ao 'ceo' que aparece na parte da paremia, como en *Cielu empedrao, auga 'n teyao* ("Ceo empedrado, auga no tellado") ou *Ceo ovellado, chan mollado*; proverbios desta clase aparecen apenas en dous puntos da rede da parte oriental.

Por súa vez, ningunha das tres variantes que se documentan en Aragón, Cataluña e País Valenciano é coñecida no occidente peninsular. O tipo máis difundido menciona recipientes, aptos para conter a chuvia que anuncian estas nubes, como en *Cielo a carneros, auga a calderos* ("Ceo a carneiros, auga a caldeiros"). Concentrados no centro e sur de Cataluña están os refráns que fan referencia á lama, á terra pastosa pola molladura: *Cel a cabretes, a la terra pastetes* ("Ceo a cabriñas, na terra pastiñas"). Finalmente, hai que sinalar os refráns que mencionan os charcos ou os torrentes de auga que se van formar pola acción da chuvia; así, *Cel a clapetes, a la terra bassetes* ("Ceo a manchiñas, na terra charquiños").

Constátase, por tanto, unha identidade *dialectal* completamente contraposta entre as dúas áreas, no que respecta ás estratexias para transmitir un mesmo significado, o que permite afirmar a existencia de áreas paremiolóxicas diferentes.

#### **2.4. A xeografía dos refráns como mecanismo para fomentar a interacción (e retroalimentación) entre a investigación paremiolóxica e a sociedade**

Manifestar que a investigación paremiolóxica non pode desligarse da cultura popular é unha verdade de pé de banco. Como se indicou liñas atrás, o corpus dos refráns meteorolóxicos e do calendario fórmase fundamentalmente a través da decantación da sabedoría do pobo ao longo de moitas xeracións de observación da natureza. Máis aínda, un número notable dos refráns deste tipo que se empregan en investigacións paremiolóxicas proveñen de recollas de campo, mormente de entrevistas para atlas lingüísticos. Se ben é un deber xeral dos investigadores procurar que os seus traballos teñan un retorno no pobo que financia o seu labor, a obriga moral semella maior neste caso, onde se trata con obxectos estreitamente vinculados á xente do común.

Actualmente resulta difícil que os habitantes dunha localidade ou rexión poidan acceder a un inventario exhaustivo dos proverbios que se documentaron na súa zona. É certo que existen refraneiros impresos que catalogan os inventarios paremiolóxicos dunha localidade ou rexión, e tamén que algúns grandes refraneiros aloden, sen regularidade, á procedencia dos refráns. Agora ben, para ter unha listaxe dos refráns recollidos na zona que lle interese, o lector terá que "fusionar" diferentes obriñas individuais ou consultar integramente diferentes volumes para escolmar as paremias que cumpran os seus criterios xeográficos. A vía para facilitar o acceso das comunidades á súa produción paremiolóxica pasa inexorablemente pola creación de bases de datos en liña de libre acceso, dotadas dun conxunto de campos de "xeolocalización" que permitan crear en tempo real refraneiros "á demanda", co ámbito xeográfico que desexe o usuario. Exposei na seguinte sección un traballo deste tipo no eido dos refráns meteorolóxicos e do calendario.

A perspectiva xeográfica abre diferentes vías de colaboración activa entre os paremiólogos e as comunidades. Unha vez que se conte cun corpus de refráns dunha zona, os investigadores poden acudir ás escolas e preguntar aos nenos se coñecen eses proverbios ou outros parecidos, para analizar os procesos de evolución diacrónica e de conservación do inventario paremiolóxico. Tamén poden suxeririlles que pregunten a pais e avós se coñecen eses ou outros ditos e que significan, unha forma de obter novos materiais para a investigación e de fomentar a transmisión cultural entre xeracións. Pódense desenvolver varias actividades pedagóxicas ligadas ao mundo dos refráns, como, por exemplo, no caso dos proverbios meteorolóxicos e do calendario, asocialos ao desenvolvemento do currículo escolar das ciencias naturais para explicar os fenómenos atmosféricos ou para informar sobre os traballos agrícolas, un dominio no que perdeu competencia a rapazada das últimas xeracións. Unha tarefa interesante nas comunidades bilingües é determinar se os refráns que se documentaron outrora na lingua propia da zona seguen vivos nesa variedade lingüística, se foron adaptados á lingua-teito ou, evidentemente, se a fraseoloxía propia da comunidade foi desprazada pola da lingua dominante.

Como se puxo de manifesto, estas e outras moitas actividades que se poidan idear esixen un bo coñecemento da distribución espacial dos proverbios. Este coñecemento pode obterse mediante o tratamento xeográfico das bases de datos paremiolóxicas ou tamén mediante enquisas directas nas comunidades, unha estratexia que pode ter moito impacto nestes tempos, polas constantes innovacións tecnolóxicas que favorecen o traballo colaborativo a distancia; unha iniciativa interesante nesa dirección é o recente proxecto *Els refranys més usuals de la llengua catalana* (<http://www.refranysmesusuals.cat>).

### **3. Paremioloxía romance: refranes meteorolóxicos y territorio (ParemioRom)**

O proxecto de investigación *Paremioloxía romance: refranes meteorolóxicos y territorio* –financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad do goberno español, FFI2011-24032– está dirixido na Universidade de Barcelona por José Enrique Gargallo Gil, quen coordina un equipo integrado por unha ducia de investigadores desa institución e de organismos de cinco países europeos (Croacia, España, Francia, Italia e Portugal). Esta iniciativa parte da ampla experiencia acumulada polo investigador principal e parte dos seus colaboradores no proxecto *Base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos* (BADARE), desenvolvido entre 2005 e 2011, que permitiu crear un repertorio informatizado con miles de refráns de todo o espazo románico, detalladamente clasificados. No entanto, o ParemioRom non é unha mera continuación cronolóxica de BADARE, senón que, mantendo a súa estrutura básica, propón unha importante reorientación que realice un tratamento sistemático da perspectiva xeográfica dos refráns, unha decisión que supón un importante avance nos traballos paremiolóxicos, como se relatou na sección anterior. Toda vez que as características básicas de BADARE xa foron descritas neste mesmo foro por Río Corbacho (2009) e Álvarez, Bastardas e Gargallo (2013) expuxeron as liñas xerais do proxecto ParemioRom, centrareime aquí nas novas funcionalidades e posibilidades abertas polo tratamento sistemático da compoñente xeográfica dos refráns.

### 3.1. A xeolocalización dos proverbios

Como se indicou anteriormente, moitos refráns están recollidos en antoloxías por dominios lingüísticos ou grandes territorios administrativos, unhas fontes que non adoitan sinalar o lugar concreto en que se documentou cada proverbio. No entanto, tamén hai fontes que mencionan de modo explícito a procedencia do refrán ou permiten deducila facilmente: inventario de refráns obtidos durante as enquisas de atlas lingüísticos, recollas de folclore en monografías etnolingüísticas dunha localidade ou territorio (“teses de fala”), refraneiros dunha parroquia, un concello, unha comarca, etc. A maioría das fontes incluídas en BADARE pertencían ao primeiro grupo. Cando aparecía algunha paremia con localización xeográfica específica ou referencia a algún topónimo, esta circunstancia recollíase no campo de *comentarios*, unha sección miscelánea que daba conta dunha pluralidade de informacións: aclaracións sobre o significado do refrán ou a súa tradución, remisión a proverbios similares, problemas da fonte, etc. Esta metodoloxía deixaba constancia do dato xeográfico, mais camuflado entre informacións moi heteroxéneas, cun formato que dificultaba a recuperación desa información. O único que podía facer o usuario era empregar o buscador para consultar todas as fichas que contiñan unha determinada cadea alfabética, mais tiña que procurar o topónimo exacto que aparecese alí; isto é, quen procurase *Padova* non ía atopar os refráns que contivesen o topónimo na forma castelá (*Padua*).

O ParemioRom soluciona estas importantes limitacións coa introdución do concepto de “ficha de xeolocalización”, unha entidade independente que se pode asociar a unha ou varias “fichas de refrán” e que consta de varios campos específicos na base de datos, como se pode observar na figura 2:

- O campo *lugar* indica a procedencia exacta do refrán, que pode ter unha tipoloxía moi variada (parroquia de Beba, cidade de Xixón, concello de Mazaricos, cantón dos Grisóns, comarca do Maresme, etc.) ou o referente xeográfico que se contén no enunciado (o monte Farelo, a serra de Cuera, o val dos Ormons, o estado de Francia, etc.).
- O campo *territorio* contén, de modo xerárquico, as sucesivas adscripcións administrativas da entidade mencionada no campo *lugar*, segundo a división territorial vixente en cada país (municipio, cantón, comarca, provincia, departamento, rexión, comunidade autónoma, estado, etc.). Así, por exemplo, o monte *Gratal*, mencionado no refrán aragonés *Si Gratal se pone gorro, agua hasta el morro* (“Se Gratal pon gorro, auga ata o morro”) aparece descrito no campo *territorio* como La Sotonera, Huesca, Aragón, España. A clasificación piramidal permite que un mesmo refrán apareza en varias pescudas e facilita que os usuarios recuperen instantaneamente a información co nivel de detalle que lles interese, sexa os refráns localizados en La Sotonera ou que se refiren a algún topónimo dese municipio (hai 2), a toda a provincia de Huesca (121), ao conxunto da comunidade de Aragón (217) ou a toda España (3187).

- O campo *descripción* inclúe todo tipo de precisións e complementos sobre os dous campos anteriores. Entre outros, sinálase se o lugar forma parte da rede dalgún atlas lingüístico, se a zona xeográfica referida é unha rexión histórica sen correspondencia coa división administrativa actual (por exemplo, a comarca histórica da Ribagorza, hoxe dividida entre Aragón e Cataluña), ou defínese, mediante palabras-chave, cal é a tipoloxía do topónimo mencionado (orónimo, hidrónimo...) para que se poidan restrinxir as buscas a estas categorías. Así, unha consulta da base de datos revela que hai catalogados 76 hidrónimos no conxunto do ParemioRom, a maioría ríos (como en *Néboa no Miño, auga vén de camiño*), aínda que non son os únicos, como demostra o refrán romanche *Cur cha'l Lai Nair fūma, schi vaine trid'ora* ("Cando o Lago Negro fumea, vén mal tempo").

- Finalmente, o campo *tiene geolocalización* permite que o usuario que busca no conxunto da base de datos do ParemioRom restrinja a recuperación de resultados a aqueles refráns que teñen algunha referencia xeográfica e, dentro deles, aos que teñen unha procedencia coñecida, aos que se refiren a algún topónimo ou a ambos os dous casos. Isto é, por exemplo, para deseñar un mapa como o que se presentou na figura 1 o investigador non tería que percorrer unha a unha todas as fichas dos 290 refráns de "ceo aborregado" que existen no ParemioRom, senón que podería empregar este campo para restrinxir a busca e que lle aparezan directamente os 102 proverbios deste tipo con xeolocalización.

O ParemioRom tamén resolve unha cuestión que resulta moi problemática nun corpus multilingüe, a da forma de cita dos topónimos, que se ilustrou liñas atrás co exemplo duns refráns do dominio galorománico. No ParemioRom, os nomes aparecen mencionados nas tres linguas vehiculares da base de datos (catalán, español e inglés), e mais na lingua propia da zona do refrán e na súa lingua-teito, se a houber. Así, a ferramenta recuperará os mesmos resultados se o usuario procura refráns documentados en *Oviedo* e *Uviéu*, e tamén en *España*, *Espanya* ou *Spain*; máis aínda, o refrán *Jamais l'Ouverna n'es mórta de sechada* ("Endexamais a Auvernia morreu de seca") aparece cando se buscan *Alvèrnia*, *Auvergne*, *Auvèrnha*, *Auvèrnhè* ou *Auvernia*.

Todas estas seccións abren novas posibilidades para o usuario e para o investigador da paremioloxía. Ademais das xa mencionadas en seccións anteriores, unha perspectiva moi interesante é a de poder recuperar todas as paremias localizadas nun determinado territorio con independencia da súa codificación lingüística, algo que pode ser moi interesante para examinar solidariedades xeográficas con independencia da lingua e tamén para detectar posibles traducións por parte dos recompiladores, moi afeccionados a ocultar as variedades locais en favor da lingua dominante. Así, por exemplo, hai 217 refráns localizados en Aragón (35 deles en aragonés, 116 en castelán, 60 en catalán e 6 en benasqués, unha fala de transición que ten etiqueta propia no ParemioRom) e 795 en Asturias, a grande maioría deles (682) en asturiano, pero tamén en galego e en castelán en boa medida porque o maior recolledor de paremioloxía asturiana, Luciano Castañón, tendía a castellanizar os refráns.

### 3.2. A incorporación da cartografía

Outra importante innovación do ParemioRom é a incorporación sistemática de mapas á base de datos. Cada topónimo mencionado nun refrán e cada localidade ou zona onde se recolleu un proverbio teñen na base de datos unha ficha propia de xeolocalización na que aparecen os mencionados campos de lugar, territorio e descrición, ademais dun mapa con distintas posibilidades de aproximación e de visualización segundo os desexos do usuario (físico, político ou vista de satélite); tamén aparece unha listaxe dos refráns asociados ao topónimo en cuestión. Esta medida axiliza a consulta da información xeográfica e faina máis accesible para os usuarios non familiarizados co espazo xeográfico no que se insire o refrán. Vexamos algún exemplo.

A figura 3 mostra a situación xeográfica do pico Ricáu, mencionado no refrán asturiano *Cuando truena pa Marana, xunce los gües y ponte a la grada; cuando truena pa Ricau, suelta los gües y lléalos al prau* (“Cando trona para Marana, xungue os bois e ponte á grada; cando trona para Ricau, solta os bois e lévaos ao prado”). Este refrán recolleuse na localidade de Riofabar, no concello de Piloña, e ademais de mencionar o pico Ricáu cita unha entidade que ben podería ser o municipio leonés de Maraña, moi próximo. A figura 4 reproduce o mapa de síntese que aparece na ficha do refrán, creado automaticamente pola ferramenta informática mediante a combinación dos mapas individuais da localización xeográfica e dos topónimos individuais citados na paremia. Deste modo, a imaxe permite que o usuario capte inmediatamente o consello que se estaba a transmitir: ‘Se trona cara a Maraña [ao SE], o tempo será bo; se trona por Ricáu [ao O], o tempo será malo, non permitirá traballar no campo’.

Os mapas de síntese tamén permiten ofrecer unha primeira visión, moi intuitiva, da distribución xeográfica dun refrán. Por exemplo, a figura 5 demostra que o refrán *En maio aínda a vella queima o tallo* é coñecido en toda Galicia (aínda sen ter en conta numerosas variantes, con *carro, escano, saio*, etc.), mentres que a figura 6 que o proverbio *Entre marzo e abril sal o cuco do cubil*<sup>4</sup> ten unha área bastante máis definida.

Ademais dos mapas puntuais, que representan a situación dunha localidade ou monte, tamén hai mapas zonais, que dan conta de concellos, rexións, áreas lingüísticas, serras ou vales entre outros. Unha mostra é a figura 7, que delimita a extensión do val Bergell (ou Bregagliaen italiano), un val alpino dividido entre Italia e Suíza onde se fala o lombardo. A ficha de xeolocalización indica que aparece mencionado en dous refráns (un deles, *Gran marciaja in boscaja, gran fenaja in Bergaja* “Grande humidade no bosque, moito feo en Bergell”) e que o ParemioRom inclúe un total de 17 refráns procedentes desa zona.

### 3.3. Dificultades e desafíos

O ParemioRom é unha ferramenta en continua actualización. A día de hoxe, 24 de abril de 2014, transcorridas case catro décadas da Revolución dos Caraveis portuguesa, conta con 11858 fichas de refráns. Deses proverbios, un 37'13% (4403) teñen unha

<sup>4</sup> Ten, ademais, ficha propia o refrán *Entre marzo e abril sale o cuco do cubil e marcha polo Santiago*, documentado na Laracha, non lonxe da zona que se representa no mapa.



indicación expresa da súa procedencia xeográfica e o 7% (830) mencionan algún topónimo. As perspectivas parecen boas para acometer estudos sobre a distribución xeográfica dos refráns nas linguas romances, unha liña de investigación que demos en chamar *xeoparemioloxía románica*, cf. Gargallo e Álvarez (2014). Non obstante, cómpre facer algunhas matizacións.

Varios países están representados no ParemioRom cun elevado número de refráns xeolocalizados, ben porque houbo un atlas lingüístico nacional que explorou o aspecto paremiolóxico (así aconteceu en Galicia e Cataluña), ben porque un recolledor de campo ou o creador dunha antoloxía deixaron constancia do lugar de procedencia (acontece con Vázquez Saco en Galicia, Castañón en Asturias ou Hauser no romanche), ben porque se recolleron refráns en investigacións dialectais ou paremiolóxicas de microdominio (teses de licenciatura “de fala”, recolla de refráns dun concello ou comarca, etc.). Así, por exemplo, o 52'37% dos refráns en lingua galega e o 49'35% dos refráns en lingua catalá teñen unha clara indicación da súa orixe xeográfica.

Porén, para outros dominios a situación é distinta. O castelán e o francés teñen porcentaxes máis discretas de refráns xeolocalizados (29'15% e 29'2%, respectivamente), polo forte peso dos refraneiros xerais de referencia que poucas veces indican a orixe xeográfica dos proverbios alí recollidos. Trátase, non obstante, dunha porcentaxe moi aceptable, especialmente cando se compara cos datos doutras linguas próximas, o occitano (6'55%) e o italiano (5'6%). Por último, cómpre mencionar o caso do portugués (0'4%) e, sobre todo, do romanés, sen ningún refrán xeolocalizado. As consecuencias desta situación son claras. No momento actual é difícil facer mapas como o da figura 1 que tomen en consideración o conxunto da Europa romance, xa que quedarían moitos espazos baleiros.

O equipo do ParemioRom ten como prioridade aumentar o número de refráns xeolocalizados, con vistas a conseguir unha base de datos homoxénea. Sen ir máis lonxe, durante os próximos meses entrarán na base de datos arredor de 2000 refráns portugueses con localización xeográfica, o que significará un cambio de primeira magnitude na representación desa lingua e permitirá abrir novas liñas de pescuda (por exemplo, valorar a existencia de continuidade paremiolóxica entre galego e portugués). Outra tarefa urxente é a localización e análise de monografías etnolingüísticas (moitas delas conservadas como obras inéditas en bibliotecas universitarias), que adoitan conter moita información paremiolóxica xeolocalizada.

#### 4. Cabo

O obxectivo deste traballo foi a reivindicación da necesidade de ter en conta a perspectiva xeográfica á hora de tratar cos refráns, tanto desde o enfoque do paremiólogo coma desde o ollar do lector de refraneiros. Existe unha tendencia a contemplar e analizar os refráns como artefactos literarios ou como obxectos culturais con existencia propia. No entanto, os proverbios son en última instancia, creacións dunha comunidade humana, que se define por unhas características culturais e lingüísticas, mais tamén por unhas

coordenadas xeográficas, un relevo, unha climatoloxía, etc. Nos refráns do calendario e meteorolóxicos conséntase esta circunstancia dun modo irrefutable. En liñas anteriores referíronse casos de proverbios que son totalmente opacos se non se coñece o topónimo que mencionan. Tamén se observaron refráns, como os numerosos proverbios de “montes con capa”, que non poden ser descodificados sen saber onde foron recollidos e sen situar nun mapa todas as referencias xeográficas que se mencionan no enunciado da paremia. Todos estes refráns teñen un vínculo tan indisoluble co territorio no que se sitúan que non son exportables a outras áreas. Un refrán como *Abril fuera bueno si el gallego no anduviera* só ten sentido no litoral cantábrico, non noutras áreas de lingua castelá como Madrid ou as illas Canarias, a diferenza do que acontece coa grande maioría das paremias, cunha vontade de xeneralidade; calquera refraneiro galego contén proverbios como *Para o bo traballador non hai ferramenta mala* ou *Vai a vella morrendo e vai aprendendo* que serían válidos en calquera lingua e rexión do mundo.

Outra achega da perspectiva xeográfica é a posibilidade de explorar a distribución espacial dos refráns, do mesmo modo que se delimitan áreas lexicais. Ata o momento, os estudos contrastivos baseados na comparación de proverbios procedentes de dominios lingüísticos distintos demostraron a existencia de diferenzas tipolóxicas entre eles (refráns que só se coñecen nunha lingua, existencia de variantes para expresar un mesmo concepto, etc.). Non obstante, este método é un pouco limitado. Por un lado, algunhas linguas teñen unha gran extensión territorial (un refrán castelán pode ser de Cantabria ou das Illas Canarias) e dúas rexións que compartan unha mesma lingua poden ter características parémicas diferentes. Polo outro, está moi documentada a existencia de deturpacións e traducións entre linguas; que un refrán occitano e outro francés ou un siciliano e outro italiano sexan moi semellantes formal e semanticamente pode deberse simplemente a que houbo algún compilador que colleu os refráns formulados na lingua minorizada e os traduciu á lingua do estado, non a que os refráns que se comparan pertencen a territorios diferentes. A toma en consideración dos refráns xeolocalizados permite solucionar estes e outros problemas e tamén elaborar análises contrastivas moito máis detalladas, acompañadas de mapas como o que se presentou na figura 1.

O proxecto *Paremiología romance: refranes meteorológicos y territorio* (ParemioRom) révelase unha iniciativa moi interesante para o aproveitamento da compoñente xeográfica inherente aos refráns meteorolóxicos e do calendario. A súa base de datos permite consultar a localización de máis de catro mil refráns formulados en linguas románicas dun modo accesible para os usuarios, xa que cada topónimo está acompañado dun mapa e das informacións adicionais necesarias. Esta ferramenta constitúese como un paso imprescindible para emprender no futuro os traballos dun atlas románico dos refráns do calendario e meteorolóxicos que ofrecería froitos moi interesantes para os estudos paremiolóxicos europeos.

## 5. Apéndice: mapas e imaxes



Figura 1: Distribución xeográfica dos diferentes procedementos que sinalan a chegada do mal tempo nos refráns do tipo "Ceo aborregado..."

▼ Por geolocalizacións

<b>Lugar</b>	<b>Territorio</b>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>Descrición</b>	<b>Tiene geolocalización</b>
<input type="text"/>	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

Figura 2: Sección de xeolocalizacións do formulario de pescuda da base de datos do ParemioRom.

## Ricáu

**Territorio:**

Asturias, España.

**Tipo de localización:** Localización puntual.

Orónimo. Pico.



**Como referencia toponimica en...**

**Fichas de refranes**

Mostrando 1 - 1 de 1 (página 1 de 1)

Texto ▾

Lengua o  
variedad

Cuando truena pa Marana[,] xunce los gües y ponte a la grad; cuando truena pa Ricau[,] suelta los gües y lléalos al prau

asturiano

Figura 3: Ficha de xeolocalización do pico asturiano Ricáu, representado nun mapa físico con curvas de nivel.




Figura 4: Mapa de síntese do refrán *Quando trueno pa Marana, xunce los gües y ponte a la grada; cuando trueno pa Ricáu, suelta los gües y llévalos al prau*, onde aparecen o lugar de recollida e os topónimos que se mencionan; vista de mapa físico.



Figura 5: Mapa de síntese que sinala os puntos onde se recolleu o refrán *En maio aínda a vella queima o tallo*; vista de mapa político.




Figura 6: Puntos nos que se documenta o refrán *Entre marzo e abril sal o cuco do cubil*; vista de mapa físico.

## Val Bregaglia [Bergell]

**Territorio:**

Maloja [Maloggia], Grisonas, Suiza; Sondrio, Lombardía, Italia.

**Tipo de localización:** Localización zonal

Valle de habla lombarda, repartido entre Suiza e Italia.



Como referencia toponimica en...	Como ubicación geográfica en...	
<b>Fichas de refranes</b>		
Mostrando 1 - 2 de 2 (página 1 de 1)		
Texto ▲		Lengua o variedad
Gran marciaja in boscaja, [/] gran fenaja in Bergaja		lombardo de Suiza
Quand ea in Bragaja al vól fà bun temp[,] dal di al boffa la breiva e da nötsch al vent		lombardo de Suiza

Figura 7: Exemplo de mapa areal. Extensión do val Bergellentre Suiza e Italia; vista de satélite.

## 6. Bibliografía

ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2013): “Distribución geoparemiológica de refranes meteorolóxicos asturianos” en *Lletres asturianas* 109; 67-102.

(2014): “Bora freda e neve in mar, la fin del vento vedo ‘rivar. Refráns do vento no mar románico” en VULETIĆ, Nikola et al. (eds.): *La geovariiazione linguistica nelle terre marittime della Romania* (no prelo).

ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso; GARGALLO GIL, José Enrique e BASTARDAS i RUFAT, Maria-Reina (2013): “ParemioRom: distribución espacial de refranes meteorolóxicos romances” en BUCHI, Éva et al. (eds.): *Actes du XXVIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes* (no prelo).

- ARTECHE GARCÍA, José Luis (2008): *La galerna del Cantábrico*. Santander: Delegación territorial de la AEMET [<http://www.divulgameteo.es/uploads/Galerna-del-Cant%C3%A1brico.pdf>] [23.04.2014].
- BASTARDAS i RUFAT, Maria-Reina (2010): “Topónimos en los refraneros meteorológicos asturianos” en CANO GONZÁLEZ, Ana María (ed.): *Homenaxe al Profesor Xosé Lluís García Arias*, tomo 2. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana; 543-559.
- CONDE TARRÍO, Germán (1998): “La verdad en el refranero. Los refranes meteorológicos gallegos” en *Paremia* 7; 61-68.
- FERRO RUIBAL, Xesús (2007): “*Cando chove e dá o sol... ¿Un fraseoloxismo internacional poliédrico?*” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, 67-94.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2004): “Dos de febrero: refranes romances de la Candelaria y meteorología popular” en *Paremia* 13; 109-124.
- GARGALLO GIL, José Enrique e ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2014): “El proyecto *Paremio-Rom*. Refranes meteorológicos y geoparemiología romance” en *Estudis Romànics* (no prelo).
- GOZALO DE ANDRÉS, Carmen (2002): “Galernas de ayer y de hoy” en *Revista del Aficionado a la Meteorología* 3. [<http://www.tiempo.com/ram/225/galernas-de-ayer-y-de-hoy>]. [23.4.2014].
- IANNÀCCARO, Gabriele e DELL'AQUILA, Vittorio (2012): “Per un atlante paremiologico romanzo” en *Géolinguistique* 13; 179-230.
- MARTÍN-VIDE, Javier (2011): “¿Qué tienen de verdad los refranes meteorológicos?” en GARGALLO, José Enrique et al. (ed): *I proverbi meteorologici. Ai confini dell'Europa romanza*. Alessandria: Edizioni dell'Orso; 247-258.
- RÍO CORBACHO, Pilar (2009): “BADARE: unha ferramenta de traballo na paremioloxía meteorolóxica e do calendario na Romanía” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11; 173-190.